



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Xestión Sustentable da Cadea de Valor da Moda	Código	710G03018	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Salido Andrés, Noelia	Correo electrónico	noelia.sandres@udc.es	
Profesorado	Salido Andrés, Noelia	Correo electrónico	noelia.sandres@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é que os estudantes aprendan a aplicar os principios da sustentabilidade á cadea de valor da industria da moda.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
		A1	B1
Analizar, comprender e aplicar criterios de sustentabilidade en todas as áreas da cadea de valor da industria da moda e as súas empresas para a toma de decisións estratéxicas e operativas.	A2	B2	C4
	A16	B3	C5
Extender a sustentabilidade cara a unha aplicación de responsabilidade social en todos os ámbitos da compañía, así como nas súas relacións cos grupos de interese.	A17	B4	C6
		B5	C7
		B6	C8
		B8	C9
		B9	
Comprender a importancia da xestión da cadea de valor como elemento estratéxico das empresas da industria da moda e a súa relevancia para as áreas de negocio.	A1	B1	C2
	A2	B2	C4
	A16	B3	C5
Comprender a importancia da sustentabilidade como enfoque para xerar valor económico, social e ambiental que contribúa ao benestar a longo prazo da sociedade.	A17	B4	C6
		B5	C7
		B6	C8
		B8	C9
		B9	

Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE I. XESTIÓN DA CADEA DE VALOR DA INDUSTRIA DA MODA.	01. Cadea de valor: concepto, eslabóns, axentes e xestión estratéxica. 02. Cadea de valor da industria da moda. 03. Xestión sostible da cadea de valor da moda. 04. Materialidade, impulsores, barreiras, facilitadores e resultados.



PARTE II. O MODELO DE MODA CIRCULAR.	05. Moda circular: Deseño 06. Moda circular: Produción 07. Moda circular: Retailing e loxística (reversa). 08. Moda circular: Consumo 09. Moda circular: Xestión de residuos (cradle-to-cradle)
--------------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 C2 C4	3	0	3
Lecturas	A1 A2 A16 A17 B5 B9 C2 C5 C8	5	0	5
Proba de resposta múltiple	B1 B5 B9 C6 C9	2	25	27
Sesión maxistral	A1 A2 A16 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 C4 C5 C6 C7 C8 C9	25	45	70
Presentación oral	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 C4 C5 C6 C7 C8 C9	15	20	35
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Eventos científicos e/ou divulgativos	Para familiarizarse cos estudos de caso presentados por profesionais da materia, os estudantes tamén deben asistir a actividades prácticas complementarias (conferencias, seminarios, talleres, etc.). Deberían reflexionar sobre o contido e producir unha análise, que será sometida a avaliación.
Lecturas	Para complementar as conferencias, facilitaranse análises, textos e lecturas e / ou tarefas prácticas baseadas nunha variedade de temas. Os estudantes deben traballar en grupo para responder a preguntas establecidas.
Proba de resposta múltiple	Proba individual ou proba de elección múltiple. As respostas incorrectas penalizarán a nota da proba.
Sesión maxistral	Os contidos do programa teórico da materia presentaranse en sesións maxistras. As diapositivas e resto de recursos empregados poranse a disposición dos/das estudantes no campus virtual. A asistencia presencial e individual ás sesións expositivas poderá ser controlada aleatoriamente.
Presentación oral	Nas sesións interactivas, os estudantes aplicarán os fundamentos teóricos da materia realizando un proxecto práctico en equipo. Os proxectos serán presentados e expostos publicamente por cada equipo en sesión presencial e plenaria. Só se calificará aos membros dos equipos que participen activamente tanto na elaboración do proxecto práctico como na presentación/exposición oral na aula na data e hora asignadas. Controlarase aleatoriamente a asistencia presencial individual ás sesións interactivas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas Presentación oral	<p>A profesora ten asignada dispoñibilidade para realizar tutorías.</p> <p>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:</p> <p>A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise a adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñibles na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/); no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Humanidades.</p>
-------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 A16 A17 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 C4 C5 C6 C7 C8 C9	Un 10% da calificación obtida a partir da asistencia e/ou participación individual en tódalas sesións, tanto expositivas como interactivas, da materia, incluídas todas as presentacións de proxectos prácticos e os seminarios/conferencias invitados. Esta participación poderá controlarse aleatoriamente.	10
Proba de resposta múltiple	B1 B5 B9 C6 C9	<p>Realizaráse un examen tipo test, que poderá ser administrado vía Campus Virtual na aula, onde solo unha opción é correcta. As respostas incorrectas penalizan un tercio do valor das correctas. É estritamente necesario aprobar o examen (esto é, obter unha calificación igual ou superior a 5,00 nunha escala de 0-10) para aprobar a materia.</p> <p>Son materia de examen todos os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistras como nas sesións teórico-prácticas e nas sesións prácticas; tanto individuáis como de presentación e discusión de proxectos de equipo. Os contidos de todos os proxectos prácticos en equipo serán polo tanto avaliados.</p> <p>É importante que o estudiantado aborde o estudo individual dos contidos apoiándose en todos os materiais dispoñibles no campus virtual e nas notas tomadas na aula para a mellor comprensión dos exemplos reais utilizados para ilustrar os contidos.</p> <p>É importante complementar esos materiais coa revisión individual polo estudiantado das fontes de información recomendadas.</p>	60



Presentación oral	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2 C4 C5 C6 C7 C8 C9	<p>Os estudantes aplicarán os fundamentos teóricos da materia realizando un proxecto práctico en equipo.</p> <p>O obxectivo do proxecto é que os estudantes aprendan a tomar decisións e a sopesar a repercusión que tales decisións xeran nun contexto de cadea de valor sostible, desde unha perspectiva de análise 360º, e para cada un dos eslabóns da cadea e a relación de stakeholders implicados.</p> <p>O proxecto práctico poderá versar sobre casos prácticos ou lecturas recomendadas, complementados por bibliografía e webgrafía relevantes. Só se cualificará aos membros do equipo que participen activamente tanto na elaboración do proxecto práctico como na presentación/exposición oral na aula. Todo o alumnado dun mesmo equipo de traballo obterá a mesma calificación.</p> <p>Os proxectos (e os seus avances) serán presentados e expostos publicamente por cada equipo en sesión presencial e plenaria.</p>	30
-------------------	--	--	----

Observacións avaliación



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN

1. Condicións de avaliación: está prohibido o acceso ás aulas de examen con calquer dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de datos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, etc.).

2. Identificación do estudantado: o estudantado ten que acreditar a súa identidade de acordo á normativa vixente.

B) TIPOS DE CALIFICACIÓN

1. CALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO

Corresponde ó alumnado cando solo participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.

2. ESTUDANTADO CON RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA

Para o estudantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia a proba de resposta múltiple suporá o 100 % da cualificación final.

C. OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN

1. PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADE

O sistema e datas oficiais de avaliación aplicaránse a todos o estudantado da materia, incluídos estudantado Erasmus e de intercambio.

No caso do estudantado non presentado ou suspenso na primeira oportunidade (suspensos= cualificación final < 5,00), ben por insuficiente cualificación na avaliación continua ou por ter suspendido o exame de test -non é posible ir á segunda oportunidade para subir a nota da primeira-), para a segunda oportunidade elixirase a mellor das seguintes 2 cualificacións como cualificación final:

a) Cualificación final = 100% da cualificación do exame de test de 2ª oportunidade,

b) Cualificación final = suma das puntuacións obtidas na avaliación continua (primeira oportunidade: 30% + 10%) e no exame de test da 2ª oportunidade (60%) sempre e cando a cualificación obtida no exame sexa igual ou superior a 5,00.

En ambos casos solo será aprobado o estudantado que obteñan unha cualificación final igual ou superior a 5,00.

2. CONVOCATORIA ADIANTADA

As condicións de avaliación da oportunidade adiantada (art. 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Cualificacións dos Estudos de Grao e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio dunha proba de resposta múltiple que suporá o 100 % da cualificación final.

D. OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN

Os estudantado que suspendan a proba de resposta múltiple recibirán a cualificación do examen como cualificación final en todas as oportunidades. As cualificacións obtidas polo estudantado na avaliación continua como resultado dos proxectos prácticos en equipo (30%) e a asistencia individual (10%) serán válidas solo durante o curso académico en cuestión.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	Fletcher, K. and Grose, L. (2012): ?Fashion and Sustainability: Design for Change?, Laurence King Publishing, London (UK). Gardetti, M. A. and Torres, A. L. (2013): ?Sustainability in Fashion and Textiles: Values, Design, Production and Consumption?, Greenleaf Publishing, Sheffield (UK). Fletcher, K. and Grose, L. (2012): ?Fashion and Sustainability: Design for Change?, Laurence King Publishing, London (UK). Gardetti, M. A. and Torres, A. L. (2013): ?Sustainability in Fashion and Textiles: Values, Design, Production and Consumption?, Greenleaf Publishing, Sheffield (UK).
Bibliografía complementaria	Burns, L. D. (2019): ?Sustainability and Social Change in Fashion?, Fairchild Books, Bloomsbury Publishing Plc, London (UK). Little, T. (2018): ?The Future of Fashion: Understanding Sustainability in the Fashion Industry?, New Degree Press, Potomac (USA). Black, S. (2013): ?The Sustainable Fashion Handbook?, Thames & Hudson, London (UK). Burns, L. D. (2019): ?Sustainability and Social Change in Fashion?, Fairchild Books, Bloomsbury Publishing Plc, London (UK). Little, T. (2018): ?The Future of Fashion: Understanding Sustainability in the Fashion Industry?, New Degree Press, Potomac (USA). Black, S. (2013): ?The Sustainable Fashion Handbook?, Thames & Hudson, London (UK).



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda/710G03004

Xestión da Cadea de Subministración de Moda I: Aproximación/710G03005

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións/710G03017

Materias que continúan o temario

Xestión da Cadea de Subministración de Moda III: Loxística e Transporte/710G03019

Observacións

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostido e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do Plan de Acción Green Campus Ferrol a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia se solicitarán en formato virtual e/o soporte informático (a entrega farase a través de moodle ou email, en formato dixital sin necesidade de imprimilos). En caso de ser necesario realízalos en papel: non se empregarán plásticos, as impresións serán dobre cara, utilizarase papel reciclado, evitarase a impresión de borradores e deberase ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado/profesorado con diversidade funcional. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia

universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia

(usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías